

# BASES PREMIOS PARAUGAS



## IX PREMIOS PARAUGAS

FERROL / 22.11.24

Impresión

Diseño

Creatividade

Márketing

Comunicación

Eventos

PREMIOS ESPECIAIS

Novos Talentos

Paraugas de Ouro

ORGANIZA

# Clúster

DA COMUNICACIÓN  
DE GALICIA

## **BASES IX PREMIOS PARAUGAS**

Os Premios da Comunicación e do Márketing de Galicia foron creados polo Clúster da Comunicación de Galicia no ano 2016. Naceron co obxectivo de poñer en valor a calidade do traballo da nosa terra, de enxalzar a función da creatividade, o deseño, a edición, a impresión, o márketing, a comunicación e os eventos de orixe galega e como medio para conseguir aumentar a competitividade e a capacidade innovadora. Trátase dunha convocatoria de premios desde o sector e para o sector.

Os Premios da Comunicación e do Márketing de Galicia celebrarán a súa novena edición o vindeiro 22 de novembro de 2024.

### **OBXECTIVO**

O Clúster da Comunicación de Galicia concede os Premios da Comunicación e do Márketing de Galicia (Premios Paraugas) en recoñecemento público ás empresas, institucións, organizacións e profesionais que destacan polo seu bo facer no ámbito da creatividade, do deseño, da impresión, do márketing, da comunicación e dos eventos en Galicia, poñendo en valor a efectividade das súas accións e a innovación no uso de materiais, soportes, medios ou outras estratexias.

### **PREMIOS E CATEGORÍAS**

Os Premios da Comunicación e do Márketing de Galicia distinguen aqueles traballos e/ou estratexias de creatividade, de deseño, de impresión, de márketing, eventos e de comunicación que sobresaen pola súa innovación, funcionalidade, boas prácticas e pola obtención de resultados tanxibles.

Os traballos deberanse presentar nos formatos e/ou cos elementos complementarios que o participante estime oportuno e que axuden a ilustrar o obxectivo perseguido en cada caso. O xurado considerará o traballo no seu conxunto.

Os participantes desta convocatoria de Premios declaran, baixo a súa responsabilidade, que os traballos que achegan son orixinais e que dispoñen dos seus dereitos de explotación. No caso de declaración fraudulenta (usurpación de dereitos), o candidato responderá fronte ao Clúster de calquera dano económico e/ou reputacional derivado de reclamacións de toda natureza que se puideran promover. Ademais, dita infracción constituirá causa automática de descualificación.

Coa súa participación nos IX Premios da Comunicación e do Márketing de Galicia (2024), o candidato á eventual gratificación (recoñecemento público) asume que a súa obra será comunicada, para a súa valoración, aos membros do xurado así como ás entidades colaboradoras que participen tanto na organización como na difusión das distintas accións vinculadas aos Premios Paraugas para a preparación de material preciso para a súa difusión. Todos eles absteranse de empregar os traballos para outros fins incompatibles con tales propósitos, considerando que a participación no concurso non supón a cesión a terceiros do dereito de explotación atribuído ao titular da obra premiada.

Ademais, os participantes nos IX Premios asumen que os/as asistentes á gala de entrega dos galardóns poderán difundir o evento, así como a obra premiada exhibida. Neste caso, recoñecendo a súa autoría.

Os premios non ofrecen remuneración económica.

As categorías da IX edición dos Premios Paraugas son:

- Impresión
- Deseño
- Creatividade
- Márketing
- Comunicación
- Eventos

Definición das categorías:

### **Categoría Impresión**

#### **Premio Paraugas ao Mellor Traballo de Impresión en Papel**

Pódese presentar calquera tipo de traballo impreso en papel (revistas, catálogos, libros, muestrarios ,etc.).

O xurado valorará, entre outras cuestións, as técnicas e calidade de impresión, calidade dos materiais, acabados, encadernación, formato, etc.

#### **Premio Paraugas ao Mellor Traballo Impreso en Gran Formato**

Pódense presentar elementos gráficos de impresión en gran formato para a transmisión de mensaxes ou ideas de identidade corporativa, escapatismo, escenografía, arte urbana, entre outras. Valorarase, entre outras cuestións, a complexidade da montaxe, a combinación de materiais, o impacto de marca conseguido ou a orixinalidade dos traballos desenvolvidos.

## Categoría Deseño

### **Premio Paraugas ao Mellor Deseño Gráfico**

Proxectos profesionais de identidade corporativa, embalaxes (no aspecto visual), editorial, tipografía, cartelería ou calquera outra aplicación que empregue a linguaxe visual gráfica como fundamento na transmisión de mensaxes ou ideas.

### **Premio Paraugas ao Mellor Deseño Industrial ou de Produto**

Proxectos profesionais de produtos, elementos de iluminación, mobiliario, sinalética, embalaxe (no aspecto estrutural), maquinaria, solucións de escenografías, exposicións, stands, punto de venda ou calquera outro obxecto ou espazo físico que busque mellorar a súa funcionalidade conxugando os procesos de fabricación ou construción coas necesidades formais ou comunicativas.

### **Premio Paraugas ao Mellor Deseño Dixital**

Proxectos profesionais de aplicacións para móbiles, páxinas web, interfaces de *software* ou calquera outra aplicación dixital que empregue a linguaxe visual gráfica como ferramenta para facilitar a interacción e a usabilidade con ela.

## Categoría Creatividade

### **Premio Paraugas á Mellor Idea**

Neste categoría prémíase un orixinal, unha peza, tanto gráfica como audiovisual, *offline* ou *online*. Aquela creatividade publicitaria que teña un impacto por encima das demais, independentemente do soporte: exterior, prensa, radio, aplicacións, televisión, cinema, envíos, chapas ou camisetas. Unha idea onde a forza a teña o concepto. En outras palabras, o orixinal máis creativo do ano en Galicia.

### **Premio Paraugas á Mellor Campaña**

Nesta categoría prémíase unha campaña, un conxunto de pezas baixo un mesmo concepto e idea, con diferentes soportes pero cun mesmo nexo de unión. Deberá utilizar para a súa difusión un *mix* de medios *offline* e *online*. Un concepto transversal que potencia a creatividade independentemente do soporte, unha campaña que explore novos camiños e que nos abra a conceptos diferentes e diferenciadores. A campaña máis creativa do ano en Galicia.

### **Premio Paraugas á Mellor Producción (*Craft*)**

Nesta categoría prémíase a forma de facer. A execución no seu aspecto máis puro en calquera medio: dirección de arte, deseño de produción, redacción, deseño gráfico,

fotografía, ilustración, dirección de fotografía, efectos especiais e postproducción, realización, son e música, interacción co usuario e experiencia, innovación... A peza máis coidada do ano en Galicia.

### **Categoría Márketing**

#### **Premio Paraugas á Mellor Estratexia de Márketing**

Este premio reconece as estratexias de márketing que combinan diferentes canles (en liña e/ou offline) de maneira efectiva para alcanzar os obxectivos da empresa, como aumentar as vendas, mellorar a fidelización ou atraer novos clientes. Valoraranse aquelas campañas que inclúan innovación, sustentabilidade ou responsabilidade social.

Clave: Estratexia global que usa unha ou varias canles para lograr obxectivos empresariais de maneira eficiente.

#### **Premio Paraugas á Mellor Acción de ‘Branding’**

Este premio distingue as campañas enfocadas en fortalecer ou construír unha marca. Valoraranse os proxectos que cren/melloren a identidade e os valores da marca, creando unha conexión emocional duradeira co público.

Clave: Proxectos que constrúen e reforzan a marca.

#### **Premio Paraugas á Mellor Experiencia de Marca**

Premiaranse as accións puntuais deseñadas para dar a coñecer a marca e conectar directamente co público. Valoraranse as iniciativas creativas e impactantes que xeren unha experiencia memorable, como promocións, eventos ou campañas de street márketing. Clave: Accións creativas e directas que conectan co público.

### **Categoría Comunicación**

#### **Premio Paraugas á Mellor Estratexia de Global de Comunicación**

Estes premios distinguen a excelencia e as boas prácticas das relacións públicas e da comunicación organizacional en todas as súas vertentes premiando os mellores proxectos de comunicación producidos en Galicia. Esta categoría reconece o conxunto de accións de comunicación, de compañías ou organizacións de calquera tamaño, dirixidas tanto a públicos internos como externos, a través de múltiples soportes, todo iso integrado de maneira coherente. Este conxunto de accións pode ter distintos obxectivos:

- Engadir valor de maneira relevante á reputación da organización.
- Comunicar cambios significativos na estrutura ou vida da organización (fusións, saídas a bolsa, adquisicións, cambios no liderado, desafíos afrontados etc).

Recoñeceranse dentro desta categoría plans e estratexias de comunicación, interna ou externa, que engloben: accións de comunicación que potencien a motivación e o compromiso, accións de comunicación de cambios organizacionais, accións de comunicación de coidados empregados, acción e execución de plans de comunicación para a xestión de crise e accións de comunicación de propósito de marca (comunicación de propósito, accións de comunicación dirixidas a mellorar o posicionamento de marca, e casos de comunicación orientados a transmitir o cambio en denominación de marca e/o redeseño de identidades visuais).

### **Premio Paraugas á Mellor Práctica/Estratexia na Comunicación da Responsabilidade Social Empresarial**

Neste apartado prémianse os mellores traballos de comunicación relacionados coa sostibilidade, o medio ambiente, a acción e o compromiso social e o bo goberno, así como as áreas estratéxicas das organizacións. Recoñecen os mellores traballos de comunicación relacionados coa acción social das empresas e as organizacións ou con compromisos vinculados á igualdade de xénero e oportunidades, inclusión etc. Os mellores traballos vinculados á preservación do medio ambiente e/ou a concienciación cidadá a este respecto. Os mellores traballos de comunicación cuxo obxectivo é difundir mellores prácticas en goberno corporativo. Recoñécense tamén nesta categoría os mellores informes de información non financeira das empresas, ben sexan exercicios voluntarios aos que non aplica a Lei 11/2018, ou obrigatorios.

Ademais das memorias explicativas e materiais, tódolos proxectos presentados deberán especificar os obxectivos a acadar e os resultados obtidos.

En ambos casos, o xurado deberá avaliar o grao de claridade da mensaxe que transmite o proxecto e o seu grao de adecuación ao público ao que se dirixe. En termos de efectividade, o xurado valorará o grao de consecución dos resultados obtidos co proxecto de acordo con os obxectivos previstos. Se nalgunha das categorías concorrese un só candidato, o xurado avaliará ese traballo premiándoo no caso de que sexa merecedor do recoñecemento.

### **Categoría Eventos**

#### **Premio Paraugas ao Mellor Congreso Profesional ou Evento Corporativo**

Premiarase calquera evento que se enmarque nas seguintes categorías: convención de empresa, congresos profesionais, evento de promoción de organización ou marca, presentación de produto, galas de empresas ou entidades; eventos de protocolo, galas, homenaxes, *fam trips*, *workshops* profesionais ou feiras. Premiaranse os eventos, valorándose, entre outros, os seguintes criterios globais: estratexia, programación e adecuación ao cliente e aos obxectivos; coherencia do evento no seu conxunto e integración

con outros aspectos da comunicación; creatividade, posta en escena e loxística; e impacto e retorno.

### **Premios Paraugas ao Mellor Evento Cultural, Gastronómico ou Musical.**

Premiarase aquel evento cuxo eixo principal se base na organización dunha actividade de carácter cultural, gastronómica ou musical e que destaque pola súa programación, produción, innovación, sostibilidade e maior impacto conseguido segundo o obxectivo inicial establecido.

### **PREMIOS ESPECIAIS**

#### **Premio Paraugas de Ouro**

Este galardón ten como obxectivo recoñecer, a xuízo do xurado, aquela candidatura que destaque, de maneira significativa, sobre o resto nalgún aspecto relacionado ca impresión, o deseño, a creatividade, o márketing, a comunicación e cos eventos.

A elección do Premio Paraugas de Ouro deberá xustificarse por parte de xurado, podendo quedar deserto se o estima oportuno. A elección do Premio Paraugas de Ouro farase entre as candidaturas finalistas da IX Edición dos Premios Paraugas e considérase o maior premio dos Premios Paraugas.

#### **Premio Paraugas Novos Talentos**

Os Premios Paraugas son una plataforma ideal para poñer en valor o talento do noso sector e axudar a súa difusión.

Polo tanto, queremos servir de canle para visibilizar e promocionar o talento das novas xeracións a través do Premio Paraugas Novos Talentos.

Outorgarase un único premio a aquel traballo que o xurado considere que destaque nalgunha das seguintes categorías que engloban os Premios Paraugas: deseño, creatividade, márketing, comunicación ou eventos.

#### **Premio Especial do Público (NOVO)**

Nesta edición, os Premios Paraugas invitan o público a participar como xurado. A votación podrá realizarse na páxina web onde se difundan os traballos finalistas. As condicións e prazos establecidos para realizar a votación comunicaranse previamente na web dos Premios Paraugas.

O fallo do xurado popular darase a coñecer durante a celebración da Gala dos Premios Paraguas 2024.

## **QUEN PODE PRESENTARSE**

Co obxectivo prioritario de premiar ao talento no ámbito da comunicación e do márketing “*made in Galicia*”, poden presentar traballos, nesta convocatoria de 2024, tanto os clientes como as empresas/entidades que desenvolvan os traballos.

Deste xeito, con carácter xeral, pódense presentar:

- Todos os profesionais de orixe galega, ou con residencia en Galicia, e aquelas empresas, institucións ou organizacións con razón social na comunidade autónoma de Galicia que desenvolvan integramente os traballos no premio ao que se presente (ex.: departamento de márketing dunha empresa galega, axencias ou estudos galegos, etc.) así como delegacións de empresas emprazadas presencialmente en Galicia (sempre que o traballo sexa executado integramente polo persoal da delegación galega da empresa).
- Empresas, institucións ou organizacións con razón social na comunidade autónoma de Galicia, ou fóra, que presenten traballos a calquera das categorías dos Premios Paraugas levados a cabo, na categoría a que optan o premio, por estudos, axencias ou empresas galegas, así como delegacións de empresas emprazadas presencialmente en Galicia (sempre que o traballo sexa executado integramente polo persoal da delegación galega da empresa).

No caso de traballos presentados polos clientes, deberán indicar a empresa ou axencia PRINCIPAL que desenvolveu o traballo que opta ó premio ou se foi realizado polo persoal interno da empresa (no caso que coincida a figura de cliente e empresa executante). No caso de traballos presentados polas axencias ou empresas do sector, deberán indicar o nome do cliente (neste caso, o cliente non é necesario que sexa galego).

Pódense presentar todos os traballos realizados e feitos públicos no período comprendido entre o 1 de novembro de 2023 e a data do peche de presentación de candidaturas desta edición.

A comunicación pública dos traballos finalistas, farase indicando o nome do traballo, da axencia/empresa principal que desenvolveu o traballo e o da empresa cliente.

### **Categoría de Creatividade**

Nesta categoría pódense presentar as axencias galegas de comunicación/ publicidade, produtoras ou delegacións físicas establecidas en Galicia dunha axencia con sede fora da Comunidade Autónoma sempre que o traballo sexa executado polo persoal da delegación galega.



Tamén se poderán presentarse nesta categoría as empresas clientes (de orixe galego ou non) cuxo traballo principal fora executado por unha axencia/productora de orixe galego ou por unha delegación física establecida en Galicia dunha axencia con sede en fora da Comunidade Autónoma sempre que o traballo sexa executado polo persoal da delegación galega.

No referente ao Premio Premio Paraugas á Mellor Producción, tanto a axencia como a productora executantes do traballo deben ser de orixen galego. Deberá indicarse o nome da productora o realizar a inscrición. ‘

### **Categoría de Impresión**

Nesta categoría poden presentar a súas candidaturas centros de impresión de orixe galego ou empresas clientes (de orixe galego ou non) que executara os traballos da man de centros de impresión de orixe galego.

### **Premios Paraugas Novos Talentos**

Pódense presentar mozos e mozas, profesionais ou estudantes, a partir de 18 anos ata os 25 anos (inclusive) de orixe galega que desenvolveran un proxecto ou un traballo en calquera das categorías dos Premios Paraugas.

O traballo pode ser presentado de forma individual ou grupal sempre que compartan a autoría do traballo.

O traballo presentado pode ser un traballo profesional, un proxecto persoal ou de estudo. No caso de presentar un traballo profesional, debe contar ca aprobación do cliente e a autoría do traballo á categoría que se presenta debe ser íntegramente do mozo ou moza en cuestión.

Non se poden presentar traballos que foran executados baixo o paraugas dunha axencia (agás que sexa unha axencia propiedade do mozo/a).

Cada mozo/a ou agrupación poderá presentar un só traballo.

## PRESENTACIÓN DAS CANDIDATURAS

As inscricións e o envío dos traballos realizaranse a través do formulario da páxina web creada a tal efecto: [premios.clustercomunicacion.gal](http://premios.clustercomunicacion.gal).

Deberá cubrirse un formulario por cada premio ao que se presente un traballo, respondendo os campos que se indican. **Un mesmo traballo poderá ser presentado como máximo a 3 premios (poden ser da mesma categoría ou non).**

Existe liberdade na presentación dos traballos.

O envío dos traballos, así como de calquera información que se considere de interese, deberá facerse incorporando a información a unha carpeta e subíndoa a unha nube (ex: Dropbox, Drive, etc.). O enlace deberá incluírse no formulario e permitir o seu acceso ata o día da celebración da gala dos Premios Paraugas.

As candidaturas presentadas que non reúnan un mínimo de calidade ou aquelas candidaturas cuxo requerimento de información/documentación complementaria por parte da organización non sexa atendida, poderán ser causa de anulación da candidatura presentada.

A candidatura presentada por empresas/entidades/profesionais que non cumpran co establecido no apartado *Quen pode presentarse*, recibirán un comunicado indicando a anulación desa candidatura.

A información e imáxenes remitidas polos candidatos podrán ser empregadas para a elaboración de contido de difusión das candidaturas finalistas e gañadoras por parte da organización. Se algún dos datos é confidencial, deberá indicarse na candidatura presentada.

### **Categoría de Impresión**

Ademais de cubrir o formulario, como no resto de categorías, as empresas que se presenten a calquera dos 2 premios deberán enviar imaxes en cor do traballo presentado e unha breve explicación na que se describan aspectos relevantes dos traballos (ex: Premio Impresión técnica, acabados, encadernación, etc. Premio Gran Formato: materiais, innovación, montaxe, etc.).

Os traballos presentados ó Premio Paraugas á Mellor Impresión en Papel deberán enviar unha mostra do traballo á seguinte dirección:

Clúster da Comunicación de Galicia

C/ Lope Gómez de Marzoa, s/n, Edificio FEUGA- Oficina 13,15705

Santiago de Compostela

Deberá chegar antes do día 16 de outubro ás 14 horas á dirección indicada.

## Categoría de Eventos

Os traballos que se presenten na categoría de Eventos deberán completar a información do formulario ca presentación dun documento/memoria que recolla, como mínimo, os seguintes conceptos: programa, produción, innovación, sostibilidade, público obxectivo, número de asistentes e impacto ou resultado conseguido. Deberán tamén incluírse imaxes dos eventos.

Poderase completar con calquer outra información que se considere que poida ser de interese para avaliar a candidatura.

### **IMPORTANTE:**

A información que se remita por cada traballo debe adaptarse segundo o premio ao que se presente a empresa.

O xurado valorará ÚNICAMENTE a documentación presentada en cada premio e o seu veredicto depende da mesma polo que é importante que a información que se remita sexa o máis detallada e clara posible e se axuste ó premio ó que se presente.

## **INSCRIPCIÓNS E PRAZOS**

O prazo de inscrición abrangue desde o 24 de setembro de 2024 ata o 15 de outubro de 2024. A participación na IX Edición dos Premios da Comunicación e do Márketing de Galicia implica o abono do dereito de inscrición por cada traballo que se presente baixo as seguintes condicións:

- Empresas socias do Clúster da Comunicación de Galicia: todas as inscricións son gratuítas.
- Empresas ou profesionais socios de Creatividade Galega, Dircom, Markea e OPC Galicia:
  - 1ª inscrición: 45 € + IVE.
  - 2ª inscrición: 45 € + IVE.
  - 3ª inscrición e seguintes: de balde.
- Empresas ou profesionais NON socios de ningunha das entidades nomeadas anteriormente:
  - 1ª inscrición: 90 € + IVE.
  - 2ª inscrición: 90 € + IVE.
  - 3ª inscrición e seguintes: de balde.
- Mozos/as que se presenten ao Premio Paraugas Novos Talentos: inscricións de balde.

A condición de membro-socio das entidades descritas e o abono do dereito de inscrición, as opcións de ingreso, inscrición e proceder ao pagamento (se corresponde), optando polas opcións que se indican máis abaixo, será comprobada pola organización dos premios. Unha vez verificado pola organización, enviarase un mail coas claves de acceso (usuario e contrasinal) que permitirán acceder ao apartado “envía os teus proxectos”. Unha vez dentro, indicarse a información que debe ser achegada para presentar a candidatura (debe cumprimentarse un formulario distinto por cada candidatura).

Un traballo só se poderá presentar como máximo a tres premios, podendo ser da mesma categoría ou distintas, agás os traballos que se opten ós Premios Paraugas Novos Talentos que só poderán enviar unha candidatura por mozo/a ou agrupación.

### **FORMAS DE PAGO**

- Mediante transferencia bancaria: é imprescindible que nos envíe copia da transferencia ao enderezo electrónico [info@clustercomunicacion.gal](mailto:info@clustercomunicacion.gal) nun prazo máximo de 48 horas, e, en calquera caso, nunca pode ser despois do 15 de outubro de 2024. Se pasado ese tempo non se abona o dereito de inscrición, a candidatura quedará fóra do concurso.

Titular da conta: Clúster da Comunicación de Galicia Entidade: Banco Sabadell  
IBAN: ES14 0081 2130 43 0001354138

- Mediante tarxeta de crédito, TPV Virtual: unha vez feito o pagamento, a persoa que realizou a inscrición recibirá un mail onde se lle indicará como efectuar a presentación do traballo á categoría que opte participar.

### **CANCELACIÓNS E DEVOLUCIÓNS**

A cancelación da inscrición debe ser realizada pola persoa que presentou a candidatura e solicitada vía mail á seguinte dirección: [info@clustercomunicacion.gal](mailto:info@clustercomunicacion.gal), indicando o motivo da baixa.

O prazo para solicitar a cancelación da inscrición será de cinco días naturais contados a partir da data de alta da inscrición e, en todo caso, nunca superior ao día de peche das inscricións (15 de outubro).

A devolución da inscrición realizarase no prazo máximo de 15 días naturais dende a recepción de petición da cancelación vía transferencia bancaria ao número de conta que nos faciliten previamente.

Non restantes casos, non se procederá a devolución do importe da inscrición.

## **PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL**

A participación nos IX Premios da Comunicación e do Márketing de Galicia comportará o tratamento de datos de carácter persoal dos candidatos aos galardóns (premios: recoñecementos público da súa obra). En particular, a inscrición neste concurso requerirá a identificación do participante (nome, mail, teléfono móbil...) a través do formulario de contacto <http://premios.clustercomunicacion.gal>, así como o abono do dereito de inscrición na/s categoría/s elixidas (datos bancarios).

Por outra banda, na medida en que a gratificación dos gañadores dos IX Premios da Comunicación e Márketing de Galicia consistirá na atribución e recoñecemento público da súa obra, o feito da súa inscrición representa unha clara acción afirmativa de aceptación das presentes bases, acorde ao interese do participante (e do Clúster) por promover a máxima difusión da obra do candidato premiado e da propia convocatoria de premios. Isto inclúe a imaxe do galardoado o día da recollida de premios, ou a captada para ilustrar artigos e entrevistas concedidas aos medios de comunicación polos premiados. Co propósito de clarificar quen, como se tratan e que dereitos asisten aos titulares dos datos persoais facilitados ao Clúster (participantes dos IX Premios), a modo de 'FAQS', infórmase do seguinte:

### **¿Quen é o responsable do tratamento dos datos persoais do participante nos IX Premios da Comunicación e Márketing de Galicia?**

É o Clúster da Comunicación de Galicia, con domicilio profesional en Rúa Lope Gómez de Marzoa, s/n (local 13), CP 15705, Santiago de Compostela (A Coruña). O participante poderá contactar co Clúster chamando ao número de teléfono (+34) 881 977 102 ou escribindo ao enderezo de correo electrónico [info@clustercomunicacion.gal](mailto:info@clustercomunicacion.gal).

Para que se recollen os datos dos participantes a través do formulario de inscrición accesible desde o subdominio <http://premios.clustercomunicacion.gal> e outros datos (bancarios, imaxe do candidato premiado).

A finalidade do uso de tales datos é identificar ao participante como autor dos traballos que aspiran a ser recoñecidos como gañadores (nome, apelidos, teléfono...), permitir o pagamento do dereito de inscrición (datos bancarios) e enxalzar publicamente os méritos do gañador (imaxe recollendo premio, entrevista, etc.).

### **¿Cal é a base xurídica que lexitima o tratamento dos datos persoais do participante?**

É o seu consentimento, en tanto que o feito da súa inscrición e formalización desta (polo abono dos dereitos de inscrición) confirma o seu interese por participar nunha convocatoria de premios dirixidos á divulgación dos méritos dos participantes que resulten premiados. Adicionalmente, a difusión da imaxe do candidato premiado en medios de comunicación e redes sociais responde aos propios intereses dos participantes, así como do lexítimo interese do organizador en dar a coñecer o seu labor de promoción do talento dos candidatos aos premios.

**¿Comunicará o Clúster os datos persoais do candidato a alguén?**

Podrán ser comunicados aos membros do xurado (datos identificativos do autor: nome, apelidos...) e, a través do sitio web do Clúster e de redes sociais, o público en xeral disporá da noticia dos premiados, da súa identidade e, no seu caso, da súa fotografía sen prexuízo da difusión que os asistentes ao evento poidan facer noutros medios (redes sociais, etc.).

**¿Durante canto tempo conservará o Clúster os datos dos participantes?**

A noticia da entrega de premios (imaxe dos gañadores) será mantida no sitio web do Clúster mentres resulte de actualidade. A partir de aí, o Clúster conservará a dita información persoal durante cinco anos, aínda que non de xeito público. O resto da información persoal dos participantes do concurso será mantida polo Clúster durante o mesmo período, desde que a mesma deixe de ser necesaria.

**¿Que dereitos asisten aos participantes fronte ao Clúster sobre os teus datos?**

Os candidatos aos premios poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión e oposición ao tratamento dos seus datos, de limitación do seu tratamento, e a non ser obxecto de decisións automatizadas. Igualmente, poden solicitar, en calquera momento que se revoque, o consentimento que prestaron para as finalidades indicadas polo Clúster (vid. pregunta '2'), así coma o dereito á portabilidade dos seus datos. Deberán facelo por escrito, achegando fotocopia do seu D.N.I., pasaporte ou doutro documento válido que o identifique, dirixido ao mail [info@clustercomunicacion.gal](mailto:info@clustercomunicacion.gal), co título (asunto) "CLÚSTER. RGPD". Cando o Clúster reciba a solicitude do candidato, enviaralle un formulario que terá que cumprimentar para que o organismo lle poida dar curso.

**¿Que pode facer se o responsable do tratamento non atendese aos seus dereitos?**

Se considera que os seus dereitos non foron oportunamente atendidos, poderá iniciar un procedemento de tutela de dereitos ante a Axencia Española de Protección de Datos.

## **O XURADO**

O xurado estará formado por profesionais de prestixio do sector, tanto do ámbito público como privado. A xunta directiva do Clúster da Comunicación de Galicia non poderá formar parte do xurado. En ningún caso un membro do xurado poderá presentar a súa candidatura na categoría na que é membro do xurado pero si noutras categorías (ex., un director de comunicación que forma parte do xurado na categoría de Comunicación pode participar na categoría de Creatividade).

O xurado desta edición será único composto por 14 membros: dous representantes por cada categoría, un representante institucional e a persoa que exercerá como Presidente do xurado.

Os representantes de cada categoría realizarán un filtrado inicial das candidaturas recibidas e seleccionarán aqueles traballos que consideren que poden optar como finalistas dos premios.

Os traballos finalistas de cada premio serán presentados nunha reunión conxunta ca participación de todos os membros do xurado.

O xurado seleccionará ata 3 finalistas por cada premio.

Este mesmo criterio aplicarase no caso dos Premios Paraugas de Novos Talentos agás no Premio Paraugas de Ouro que se seleccionará directamente o gañador.

## **SELECCIÓN DE CANDIDATURAS**

O xurado realizará a selección das candidaturas conforme ao seguinte procedemento:

- a. Os traballos a concurso serán recibidos ata o 15 de outubro de 2024 a través do formulario que se pode atopar na páxina web creada a tal efecto.
- b. Os membros do xurado representantes de cada categoría realizarán, nunha primeira fase, unha avaliación das distintas candidaturas presentadas na súa categoría e seleccionarán as candidaturas que consideran que poden optar como finalistas (entre 5-3 proxectos preferentemente).
- c. Posteriormente, nunha reunión conxunta, o xurado procederá a seleccionar ata tres candidaturas por cada premio que serán declaradas finalistas.
- d. Na mesma reunión o xurado procederá finalmente a resolver a quen se lle outorgan os diferentes Premios da Comunicación e do Márketing de Galicia 2024. Os premiados coñecerán o fallo do xurado o mesmo día de celebración da Gala dos Premios Paraugas 2024.

- e. Este mesmo procedemento aplicarase no caso do Premios Paraugas Novos Talentos.
- f. No caso do Premio Paraugas de Ouro no se establecerán finalistas. O xurado únicamente elegerá a candidatura gañadora.
- g. A relación de finalistas comunicarse a todos os participantes vía mail e farase pública a través de distintos medios de difusión que empregue a entidade organizadora (web premios, etc.).
- h. En caso de empate será o Presidente do xurado quen resolva.
- i. A votación do xurado será segreda.
- j. Os xurados que por algunha razón tivesen algún interese de tipo profesional ou persoal nalgunha das empresas, institucións ou persoas candidatas, absteranse de votar na(s) categoría(s) afectada(s).
- k. A gala dos Premios Paraugas 2024 celebrarase o 22 de novembro de 2024.
- l. IOs datos e informacións serán tratados con confidencialidade polo xurado do Clúster.
- m. O xurado resérvase o dereito a realizar os cambios necesarios para a mellora dos premios, respectando a estrutura de categorías referidas.
- n. Os xurados nomearán os finalistas entre os traballos presentados e unicamente, de maneira excepcional, poderá quedar deserto un premio se ningún dos candidatos cumprira cos criterios mínimos solicitados. Neste caso, o xurado deberá xustificar tal decisión.
- o. Os finalistas comprométense a dar resposta ás necesidades de ampliación de información por parte da organización e a participar nos actos que sexan requiridos para dar cobertura informativa a estes premios.
- p. Ademais dos criterios establecidos en cada categoría, o xurado valorará as candidaturas en función dos catro criterios seguintes:
  - 1. Grao de innovación, creatividade, funcionalidade e orixinalidade.
  - 2. Resultados obtidos: impacto en medios, incremento de vendas, retorno do investimento, incremento na preferencia pola marca, etc.
  - 3. Dificultade do caso (competitividade do mercado, características do sector, madurez do produto/servizo, etc.).
  - 4. Boas prácticas: comportamento ético e sustentable no desenvolvemento das estratexias de márketing.



## **GALA DE ENTREGA DOS PREMIOS PARAUGAS**

Os premios entregaranse o **22 de novembro de 2024 nunha gala especial**. Nese mesmo acto, o Clúster homenaxeará a persoeiros e/ou institucións que, pola súa traxectoria, pola súa contribución ou por compartir os principios fundacionais do organismo, sexan merecedores desta distinción.

*\*(A organización informará coa debida antelación e por diversos medios (web, mail, etc.) o lugar e horario de celebración da Gala, así coma de calquera cambio que se produza na organización do mesmo).*

## **PUBLICIDADE**

As presentes bases publicaranse na web do Clúster (<http://www.clustercomunicacion.gal>), a través do microsite elaborado para estes Premios Paraugas 2024 (<http://premios.clustercomunicacion.gal>), así como na web de *partners* e entidades públicas e privadas interesadas en colaborar na súa difusión.

O feito de optar aos premios supón a plena aceptación das súas bases.